



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 341

IV lexislatura

24 de outubro de 1995

SUMARIO

3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

3.2.3 RESOLUCIÓNS APROBADAS

- Resolucións subseguintes ó debate de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. 8.640

3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI

3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO

3.6.1.1 PROPOSICIÓNS

- Proposición non de lei en Pleno formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D^a Olaia Fernández Davila, sobre a creación de centros base de minusválidos comarcais e a dotación ós existentes dun equipo de rehabilitación (núm. 7.647). 8.647

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

4.2 INTERPELACIÓNS

- Interpelación formulada por D. José Antonio Ventoso Mariño e D. Ismael Rego González,

do G.P. dos Socialistas de Galicia sobre os problemas xerados co inicio do curso escolar e as medidas adoptadas polo Goberno galego ó respecto (núm. 7.663). 8.649

- Interpelación formulada por D. Francisco Trigo Durán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Goberno galego respecto do anuncio da redución da flota pesqueira galega e as medidas previstas ó respecto (núm. 7.697). 8.649

- Interpelación formulada por D. José Antonio Ventoso Mariño, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da organización dunha reunión na Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura para negociar unha saída ó conflito existente na confraría de Noia e as previsións ó respecto (núm. 7.708). 8.650

4.3 PREGUNTAS

4.3.1 PREGUNTAS ORAIS EN PLENO

- Pregunta oral en Pleno formulada por D. Xesús Vega Buxán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os motivos do cambio de postura polo Goberno galego respecto do traspaso do

SUMARIO

- 15% do IRPF ás comunidades autónomas (núm. 7.635). 8.652
- Pregunta oral en Pleno formulada por D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as directrices da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para responder ás preguntas e solicitudes de documentación (núm. 7.639). 8.652
- Pregunta oral en Pleno formulada por D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a ausencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia da actividade parlamentaria (núm. 7.641). 8.653
- Pregunta oral en Pleno formulada por D. Santos Oujo Bello, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o estado no que se encontran as xestións e accións do Goberno galego para a constitución da “Fundación Valle-Inclán”, de interese galego (núm. 7.661). 8.654
- Pregunta oral en Pleno formulada por D. José Antonio Ventoso Mariño e D. Ismael Rego González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns do aprazamento pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do inicio das obras de construción da Escola de Enxeñeiros de Montes (núm. 7.662). 8.654
- Pregunta oral en Pleno formulada por D. Xosé Henrique Tello León, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os motivos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que non fose presentada publicamente a rede de centros educativos do ensino non universitario (núm. 7.690). 8.655
- Pregunta oral en Pleno formulada por D. José Giráldez Maneiro, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da ausencia institucional da Xunta de Galicia na Festa do marisco do Grove (núm. 7.712). 8.655
- Pregunta oral en Pleno formulada por D. Francisco Rodríguez Sánchez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a entrevista do Sr. conselleiro de Industria e Comercio co Sr. ministro do mesmo ramo do Goberno español (núm. 7.723). 8.656
- Pregunta oral en Pleno formulada por D. Celestino Torres Rodríguez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes respecto da realización das obras contidas no proxecto de mellora da capa de rodadura de camiños no municipio de Monforte de Lemos (núm. 7.740). 8.656
- Pregunta oral en Pleno formulada por D. Xosé Henrique Tello León, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a atención do transporte escolar no colexio público do Graxal (Cambre) pola Deputación Provincial da Coruña (núm. 7.745). 8.657
- Pregunta oral en Pleno formulada por D. Xosé Henrique Tello León, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación do actual delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na provincia de Lugo (núm. 7.747). 8.657

7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

7.3.3 CONVOCATORIAS

- Sesión plenaria (martes 24 de outubro de 1995, ás 16,30 horas). 8.658

9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

9.1 INFORMACIÓNS

- Modificación da Proposición non de lei en Comisión formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Francisco Rodríguez Sánchez e D^a María Pilar García Negro, sobre os criterios para o desenvolvemento do artigo 4 do Decreto 247/1995 (núm. 7.572. Comisión 4^a). 8.658
- Retirada da Proposición non de lei en Comisión formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Francisco Rodríguez Sánchez, sobre o control de contaminación atmosférica en Galicia (núm. 6.662. Comisión 2^a). 8.659
- Retirada da Pregunta escrita formulada por D. Francisco Rodríguez Sánchez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións de construción dun patio de recreo e unha pista polideportiva no colexio de EXB ‘Nicolás del Río’ de Cedeira por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (núm. 5.396). 8.659

SUMARIO

- Retirada da Pregunta escrita formulada por D. Francisco Rodríguez Sánchez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o funcionamento da nova formación profesional en Galicia (núm. 5.927). 8.659

3

**PROCEDEMENTOS DE CONTROL E
IMPULSO****3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE
GALICIA****3.2.3 RESOLUCIÓNS APROBADAS**

Resolucións subseguintes ó debate de política xeral sobre a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia.

Resolución relativa ó remate dos obxectivos do Plan MEGA.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 1995, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución”, aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 7.728), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que realice as xestións necesarias ante a Administración central que posibiliten o remate dos obxectivos previstos no Plan MEGA antes de que remate 1996.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1995.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa ó reforzamento dos centros de investigación dependentes da Consellería de Agricultura.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 1995, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución”, aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. do Bloque

Nacionalista Galego (doc. núm. 7.728), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a reforzar con medios técnicos e humanos os centros de investigación dependentes da Consellería de Agricultura.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1995.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á cota láctea asignada a Galicia.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 1995, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución”, aprobou, por 41 votos a favor (non emitindo voto os grupos da oposición), a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 7.729), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado que a cota láctea asignada á nosa Comunidade Autónoma acade a cifra mínima de 2 millóns de toneladas.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1995.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á reestructuración da política agrícola común en materia de axudas á agricultura galega.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 1995, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. pre-

sidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución”, aprobou, por 41 votos a favor (non emitindo voto os grupos da oposición), a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 7.729), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado actuacións encamiñadas a conseguir unha reestruturación da política agrícola común que simplifique a tramitación das axudas e compense os desequilibrios internos xerados por elas, tendo en conta as peculiaridades da nosa agricultura.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1995.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á conservación de cepas e mellora da calidade do viñado.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 1995, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución”, aprobou, por 41 votos a favor (non emitindo voto os grupos da oposición), a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 7.729), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado, dentro da política comunitaria, actuacións encamiñadas a articular na organización común de mercados que non preveña o arrinque obrigatorio das cepas e se preveña a evolución do viñado con mellora da calidade.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1995.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á consecución dunha organización común do mercado da pataca.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 1995, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución”, aprobou, por 41 votos a favor (non emitindo voto os grupos da oposición), a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 7.729), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado as actuacións encamiñadas a conseguir unha organización común do mercado da pataca que fixe unha superficie de base por agricultor e prime a diferenza entre o prezo real e o prezo de referencia.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1995.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á reforma do Regulamento de mercados pesqueiros.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 1995, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución”, aprobou, por 41 votos a favor (non emitindo voto os grupos da oposición), a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 7.729), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado que se reforme o Regulamento de mercados pesqueiros para acadar axilidade e automatismo na aplicación de cláusulas de salvagarda contra importacións a prezos anormalmente baixos, introducindo neste regulamento as especies de verdadeiro interese, especialmente en sectores de baixura e marisqueo.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1995.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á política de financiamento do sector pesqueiro para a renovación da flota e a modernización de infraestructuras en terra.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 1995, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución”, aprobou, por 41 votos a favor (non emitindo voto os grupos da oposición), a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 7.729), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado unha nova política de financiamento do sector pesqueiro, coa intervención da banca pública, que poña en marcha mecanismos que permitan abordar con éxito a necesaria renovación da flota e a modernización das infraestructuras de apoio en terra.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1995.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á comercialización de especies pesqueiras de baixo prezo e ás industrias de transformación destas.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 1995, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución”, aprobou, por 41 votos a favor (non emitindo voto os grupos da oposición), a pro-

posta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 7.729), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado que leve a cabo un apoio e mellora das canles de comercialización e aproveitamento de especies pesqueiras de baixo prezo que teñan posibilidades potenciais e das industrias de transformación de produtos pesqueiros.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1995.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á consolidación da presenza da flota galega en augas internacionais.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 1995, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución”, aprobou, por 41 votos a favor (non emitindo voto os grupos da oposición), a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 7.729), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ó Goberno do Estado para que leve a cabo unha política de consolidación da flota galega en augas internacionais, tendo en conta as seguintes medidas:

a) Defensa na NAFO da flota arrastreira conxeladora de longa distancia.

b) Campañas científicas en caladoiros internacionais co fin de avalia-lo estado dos recursos.

c) Diversificación da actividade da flota mediante a realización de campañas experimentais en novos caladoiros e sobre novos recursos.

d) Novos acordos pesqueiros con Namibia, Sudáfrica, Malvinas, EEUU, Perú, Chile, A India e outros, e aproveitamento dos acordos preexistentes como o de Groenlandia.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1995.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á política social pesqueira.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 1995, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución”, aprobou, por 41 votos a favor (non emitindo voto os grupos da oposición), a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 7.729), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado que promova unha política social pesqueira con medidas sociais de acompañamento á reestructuración do sector pesqueiro, con financiamento independente do IFOP, concretada en:

a) Xubilacións anticipadas voluntarias dos mariñeiros, con redución da idade mínima ós 50 anos, e, se é o caso, con elaboración e aplicación de programas de reorientación profesional, así como incentivos das empresas que os recolochen en novas actividades laborais.

b) Adaptación das normativas sociolaborais españolas ás esixencias derivadas das especificidades do traballo dos mariñeiros, dándoselles cobertura ás situacións de desprotección derivadas dos paros biolóxicos, do esgotamento de cotas e da interrupción de tratados internacionais e modificando así ben, de xeito alcista, os coeficientes reductores da idade de xubilación para os propios mariñeiros.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1995.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa ó acordo pesqueiro entre a Unión Europea e Marrocos.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 1995, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución”, aprobou, por 41 votos a favor (non emitindo voto os grupos da oposición), a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 7.729), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que esixa do Goberno do Estado actuacións enérxicas cara a dirixir un acordo xusto entre a Unión Europea e Marrocos, favorable ós intereses do noso sector pesqueiro.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1995.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á rede ferroviaria en Galicia.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 1995, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución”, aprobou, por 41 votos a favor (non emitindo voto os grupos da oposición), a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 7.729), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado un tratamento xusto e equilibrado da rede ferroviaria existente en Galicia, e que necesariamente conteña:

a) Inicio da variante norte de superación do Guadarrama.

b) Mellora da accesibilidade de Galicia, especialmente nos eixes León-Monforte, Vigo-Porto e Ourense-Zamora.

c) Modernización intensa da rede para conseguir velocidades comerciais ó redor de 100 km/h.

d) Remodelación de trazados con atención especial ó eixe atlántico Ferrol-A Coruña-Santiago-Pontevedra-Vigo-Porto.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1995.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á rede de estradas do Estado en Galicia.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 1995, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución”, aprobou, por 41 votos a favor (non emitindo voto os grupos da oposición), a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 7.729), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado un tratamento xusto e equilibrado no deseño e execución da súa rede de estradas, acometendo a construción das autovías do Cantábrico, a de Santiago-Ourense e a vía de alta capacidade Lugo-Ourense.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1995.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á transferencia dos portos de interese xeral.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 1995, no punto único da orde do

día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución”, aprobou, por 41 votos a favor (non emitindo voto os grupos da oposición), a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 7.729), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno central, consonte os principios da Administración única, a transferencia dos portos de interese xeral.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1995.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á asunción como proxectos de Estado do Xacobeo 99 e da capitalidade cultural europea de Santiago de Compostela.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 1995, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución”, aprobou, por 41 votos a favor (non emitindo voto os grupos da oposición), a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 7.729), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno central a asunción do Xacobeo 99 como proxecto de Estado, ó igual cá capitalidade cultural europea de Santiago de Compostela para o ano 2000, dispoñendo para o efecto, e no seu momento, as necesarias axudas económicas a prol de ámbolos dous acontecementos.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1995.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á redefinición do financiamento da sanidade.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 1995, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución”, aprobou, por 41 votos a favor (non emitindo voto os grupos da oposición), a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 7.729), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ó Goberno do Estado reclamándolle a redefinición do financiamento da sanidade, introducindo para o efecto os criterios de dispersión xeográfica de Galicia e avellentamento da súa poboación.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1995.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á participación de Galicia no tanto por cento do IRPF destinado a subvencionar los programas de cooperación e voluntariado social.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 1995, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución”, aprobou, por 41 votos a favor (non emitindo voto os grupos da oposición), a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 7.729), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado o incremento de participación da nosa Comunidade Autónoma no 0,52% do IRPF, destinado a subvencionar-la realización de programas de cooperación e voluntariado social.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1995.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á construción da terminal gasística de Ferrol.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 1995, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución”, aprobou, por 41 votos a favor (non emitindo voto os grupos da oposición), a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 7.729), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ó Goberno do Estado para que se efectúe, con carácter de urxencia, a construción da terminal gasística de Ferrol, co fin de que mellore a regulación do sistema e garanta unha dobre subministración estratéxica.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1995.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa ó financiamento do Plan MEGA.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 1995, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución”, aprobou, por 41 votos a favor (non emitindo voto os grupos da oposición), a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 7.729), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que requira do Goberno do Estado o cumprimento do seu compromiso de contribuír con 15.000 millóns de pesetas ó financiamento do Plan MEGA.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1995.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á reformulación do Marco legal estable referente ás empresas eléctricas.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 1995, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución”, aprobou, por 41 votos a favor (non emitindo voto os grupos da oposición), a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 7.729), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno central a reformulación do Marco legal estable aprobado en 1994, de xeito que non penalice as subvencións doutras administracións distintas ás do Estado en detrimento das empresas eléctricas galegas.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1995.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á participación da Comunidade Autónoma de Galicia nos consellos de administración das empresas públicas estatais presentes en Galicia.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 1995, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución”, aprobou, por 41 votos a favor (non emitindo voto os grupos da oposición), a pro-

posta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 7.729), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno central a participación da nosa Comunidade Autónoma nos consellos de administración das empresas públicas estatais con presenza en Galicia.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1995.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á construción das autovías galegas de enlace coa Meseta.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 1995, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución”, aprobou, por 41 votos a favor (non emitindo voto os grupos da oposición), a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 7.729), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que esixa do Goberno central o inmediato cumprimento do acordo establecido en convenio entre o Goberno do Estado e a Xunta de Galicia no ano 1990 sobre a construción das dúas autovías galegas de enlace coa Meseta.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1995.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á reserva estatal de cota láctea.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 1995, no punto único da orde do día,

“Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución”, aprobou, por 41 votos a favor (non emitindo voto os grupos da oposición), a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 7.729), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno central que siga subvencionando proxectos que permitan a formación alcista da reserva estatal de cota láctea, para un ulterior reparto que preveña a especial vocación gandeira de Galicia.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1995.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á produción forestal.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 1995, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución”, aprobou, por 41 votos a favor (non emitindo voto os grupos da oposición), a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 7.729), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno central actuacións encamiñadas a acadalo preciso e indispensable apoio comunitario á produción forestal.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1995.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

Resolución relativa á elaboración polo Goberno central dun proxecto de lei básica de montes.

Presidencia

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 11 de outubro de 1995, no punto único da orde do día, “Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Comunidade Autónoma, debate e propostas de resolución”, aprobou, por 41 votos a favor (non emitindo voto os grupos da oposición), a proposta de resolución, a iniciativa do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 7.729), co contido literal seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno central un proxecto de lei básica de montes que incentive a produción forestal.”

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro dos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 1995.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI

3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO

3.6.1.1 PROPOSICIÓNS

Proposición non de lei en Pleno formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D^a Olaia Fernández Davila, sobre a creación de centros base de minusválidos comarcais e a dotación ós existentes dun equipo de rehabilitación (núm. 7.647).

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 17 de outubro de 1995, admitiu a trámite a Proposición non de lei en Pleno formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D^a Olaia Fernández Davila, sobre a creación de centros base de minusválidos comarcais e a dotación ós existentes dun equipo de rehabilitación (núm. 7.647).

Acordouse a súa tramitación no Pleno.

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas á proposición non de lei ata seis horas antes do

comezo da sesión na que se vaia debater, de conformidade co artigo 161.2 do Regulamento da Cámara.

En cumprimento do disposto nos artigos 65 e 161.1 do citado Regulamento, ordénase a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 1995.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da súa deputada Olaia Fernández Davila e ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte proposición non de lei, para o seu debate en Pleno.

A falta dunha adecuada rede de centros públicos de rehabilitación está a provocar no colectivo de minusválidos de Galicia graves problemas para recibirlo tratamento rehabilitador que necesitan, xa que teñen que trasladarse a lugares moi arredados do seu domicilio ou carecer del.

Esta situación, xa de por si difícil, veuse agravada a partir do ano 1985, no que a Xunta de Galicia asume as competencias dos centros base de minusválidos provinciais, ata ese momento na rede do Inerso e que contaban cunha área de tratamento. A deterior acción sufrida por estes centros desde entón fai que, na actualidade, dos cinco centros base existentes, tres non contén con equipo de rehabilitación e no resto o equipo estea incompleto.

Esta situación obriga as persoas necesitadas deste servizo a resolverlo problema de maneira individual acudindo a centros privados, estando aquelas que carecen de recursos económicos privadas do tratamento que necesitan.

O Goberno galego está obrigado a garantir uns servizos sociais mínimos de calidade e no caso que nos ocupa faise precisa a creación de centros públicos de rehabilitación dos que hoxe a Comunidade galega carece, a diferenza do resto das comunidades do Estado, onde se segue a mante-la área de rehabilitación nos centros base de minusválidos.

Por todo iso, facémo-la seguinte proposición non de lei:

1º.- A Xunta de Galicia dotara os centros base de minusválidos existentes na actualidade dun completo equipo de rehabilitación.

2º.- A Xunta de Galicia creará centros base de minusválidos comarcais e dotaraos de equipos completos nas tres áreas fundamentais da súa competencia, isto é: área de valoración e primeira orientación, área de valoración e orientación e área de tratamento.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 1995.

Asdo.: Olaia Fernández Davila

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Rodríguez Sánchez

Portavoz suplente do G.P. do BNG

4

PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

4.2 INTERPELACIÓNS

Interpelacións formuladas

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 17 de outubro de 1995, admitiu a trámite e cualificou como interpelacións os escritos que, a seguir, se relacionan:

- De D. José Antonio Ventoso Mariño e D. Ismael Rego González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os problemas xerados co inicio do curso escolar e as medidas adoptadas polo Goberno galego ó respecto (número 7.663).

- De D. Francisco Trigo Durán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Goberno galego respecto do anuncio da redución da flota pesqueira galega e as medidas previstas ó respecto (número 7.697).

- De D. José Antonio Ventoso Mariño, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da organización dunha reunión na Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura para negociar unha saída ó

conflicto existente na confraría de Noia e as previsións ó respecto (núm. 7.708).

En cumprimento do disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 1995.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Interpelación formulada por D. José Antonio Ventoso Mariño e D. Ismael Rego González, do G.P. dos Socialistas de Galicia sobre os problemas xerados co inicio do curso escolar e as medidas adoptadas polo Goberno galego ó respecto (núm. 7.663).

Á Mesa do Parlamento

José Antonio Ventoso Mariño e Ismael Rego González, deputados pertencentes ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte interpelación.

Outra incidencia máis. Como cada outono, a improvisación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria perde a folla e deixa ó aire o mal estado do sistema educativo.

Conflictos en secundaria xorden tódolos días e non se dá abasto para tapar tanta eiva. Un día é a formación profesional con centos de alumnos sen matricular, ó día seguinte as universidades con máis de 5.000 alumnos sen matricular, despois os comedores con redución de prazas, os centros con reparacións a medio facer ou o transporte escolar.

O cambio de horario aprobado, é un dicir, pola Consellería de Educación, sen discutilo cos pais, ameaza coa non asistencia ós centros de miles de alumnos na provincia de Lugo para protestar diante dunha situación xerada por cede-la Consellería ás presións das empresas de transporte, co gallo de aforrar viaxes, e así un longo etcétera, produto de dedicar só 3.500 millóns de ptas. ó ano para a reforma dun total de 97.000 millóns necesarios para levala a cabo en Galicia. A este ritmo aquí farán falta 30 anos e non 6, como está previsto na LOXSE.

Por todo iso, preséntase a seguinte interpelación:

¿Cal é a postura da Xunta de Galicia fronte ós múltiples problemas xerados co inicio do ano escolar en Galicia, e as medidas postas en práctica para resolvelos?

¿Cales son os motivos que lle impiden á Consellería dar respostas axeitadas que poñan fin a unha situación que se repite cada ano?

¿Considera a Consellería razoable a posición dos pais dalgunhas zonas de Galicia de non deixar asistirlos nenos á escola mentres non se volva modifica-lo horario do transporte escolar?

Parlamento de Galicia, 5 de outubro de 1995.

Asdo.: José Antonio Ventoso Mariño

Ismael Rego González

Deputados

Interpelación formulada por D. Francisco Trigo Durán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Goberno galego respecto do anuncio da redución da flota pesqueira galega e as medidas previstas ó respecto (núm. 7.697).

Á Mesa do Parlamento

Francisco Trigo Durán, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte interpelación.

Motivos

O sector pesqueiro galego está a sufrir continuas agresións, que seguen a agudiza-la crise na que se topa como consecuencia das políticas da Unión Europea, do Estado español e da Xunta de Galicia, políticas inexistentes e que o único que están a propiciar é a redución da flota e a perda de postos de traballo.

Á cuestión puntual e “sangrante” do conflito marroquí, no que Galicia está a ser gravemente prexudicada, xúntaselle a incompetencia da comisaria de Pesca, Sra. Bonino, que nas súas dúas visitas a Galicia o único que anuncia é que temos que reduci-la flota porque está sobredimensionada, e por outra ban-

da organiza un cumio de expertos europeos que anuncian que Galicia ten que sufrir unha redución da flota dentro da reconversión pesqueira da UE. Todo isto pasa sen que a Consellería de Pesca amose a súa posición contraria, máis ben parece amosar unha clara resignación, por non dicir que existe unha bendición desta política por parte da Xunta.

Namentres isto sucede e se anuncia esta nova reconversión pesqueira, nada se di de que, dende a entrada do Estado español na UE, os estados membros aumentaron a súa flota e os seus negocios no mundo da pesca.

Por todo isto, o Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte interpelación:

¿Cal é a posición da Xunta de Galicia fronte ó anuncio da redución da flota pesqueira galega?

¿Ten pensado a Xunta de Galicia esixir da Unión Europea que se manteña a especialidade productiva de Galicia na pesca e se reduza a doutros estados europeos?

¿Cales son as políticas sectoriais que ten previstas a Xunta de Galicia no eido da pesca para absorberlos traballadores do mar que perdan os seus postos de traballo?

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 1995.

Asdo.: Francisco Trigo Durán

Deputado do G.P. do BNG

Interpelación formulada por D. José Antonio Ventoso Mariño, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da organización dunha reunión na Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura para negociar unha saída ó conflito existente na confraría de Noia e as previsións ó respecto (núm. 7.708).

Á Mesa do Parlamento

José Antonio Ventoso Mariño, deputado pertencente ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte interpelación.

O día 3 de outubro cambaleou o sistema institucional democrático en Galicia.

Nunha acción sen precedentes, a Consellería de Pesca, co seu director xeral de Marisqueo á fronte, participou e mesmo impulsou a Mesa de negociación que puxo fin ó conflito da confraría de Noia, permitindo a vitoria dos violentos e dos defensores da patada na porta fronte ós demócratas. Inaudito. A xeito de resumo, un grupo de energúmenos asalta as instalacións da organización de produtores de Noia, péchanse nelas e esixen negocia-la súa saída das instalacións poñendo como condicións: a demisión do cabido, a formación dunha xestora onde eles estean representados ó 50% e abri-la campaña marisqueira cando lles pareza oportuno. O increíble da historia é que a Xunta de Galicia lles dá a razón ós secuestradores da legalidade democrática e organiza unha Comisión negociadora, na que participa o secretario xeral, o director xeral de Marisqueo e Acuicultura, o delegado territorial na Coruña, asesor xurídico, o subdirector xeral de Marisqueo, o subsecretario xeral de Relacións e o xefe de servizo coas OOPP, e acorda asinar un documento onde se lles dá a razón ós secuestradores da legalidade democrática.

Moi grave. Darlle representación democrática a un grupo que acadou representación con base na violencia xerada na súa actuación é tanto como legalizar e lexitimizar de xeito institucional os partidarios do asalto ás institucións e abrir unha dinámica de consecuencias difíciles de avaliar. Permitirlles crear unha xestora e que participen ó 50% é tanto como poñer en cuestión os principios electorais de participación nas urnas como medio de acadar representación democrática nas institucións. Non se comprende agás que esta decisión sexa produto da aplicación dalgún principio exotérico derivado do concepto da Administración única como única fonte de legalidade.

Por todo iso, preséntase a seguinte interpelación:

¿Cales foron as razóns da Xunta para organizar unha reunión na Consellería de Pesca na que se negociou baixo presión unha saída antidemocrática ó conflito existente na confraría de Noia?

¿Vai ser práctica común do Goberno da Xunta darlles representatividade institucional ós secuestradores da legalidade democrática?

¿Comparte a Xunta o criterio de legalizar actuacións de violencia e avaliar, coa súa presenza, saídas

ós conflitos baseadas en concederlles representación institucional ós que teñen como único mérito pechar-se en instalacións, practica-la ameaza e impedi-la libre e pacífica actividade dos galegos?

¿Vai ser práctica común da Xunta permiti-lo asalto e secuestro das institucións e garantirlles representación institucional ós partícipes destas actuacións?

Parlamento de Galicia, 5 de outubro de 1995.

Asdo: José Antonio Ventoso Mariño

Deputado

4.3 PREGUNTAS

4.3.1 PREGUNTAS ORAIS EN PLENO

Preguntas orais en Pleno formuladas

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, por acordo adoptado o día 17 de outubro de 1995, admitiu a trámite e cualificou como preguntas con resposta oral en Pleno os escritos que, a seguir, se relacionan:

- De D. Xesús Vega Buxán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os motivos do cambio de postura polo Goberno galego respecto do traspaso do 15% do IRPF ás comunidades autónomas (núm. 7.635).

- De D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as directrices da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para responder ás preguntas e solicitudes de documentación (núm. 7.639).

- De D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a ausencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia da actividade parlamentaria (núm. 7.641).

- De D. Santos Oujo Bello, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o estado no que se encontran as xestións e accións do Goberno galego para a constitución da "Fundación Valle-Inclán", de interese galego (núm. 7.661).

- De D. José Antonio Ventoso Mariño e D. Ismael Rego González, do G.P. dos Socialistas de Galicia,

sobre as razóns do aprazamento pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do inicio das obras de construción da Escola de Enxeñeiros de Montes (núm. 7.662).

- De D. Xosé Henrique Tello León, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os motivos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que non fose presentada publicamente a rede de centros educativos do ensino non universitario (núm. 7.690).

- De D. José Giráldez Maneiro, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da ausencia institucional da Xunta de Galicia na Festa do marisco do Grove (núm. 7.712).

- De D. Francisco Rodríguez Sánchez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a entrevista do Sr. conselleiro de Industria e Comercio co Sr. ministro do mesmo ramo do Goberno español (núm. 7.723).

- De D. Celestino Torres Rodríguez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes respecto da realización das obras contidas no proxecto de mellora da capa de rodadura de camiños no municipio de Monforte de Lemos (núm. 7.740).

- De D. Xosé Henrique Tello León, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a atención do transporte escolar no colexio público do Graxal (Cambre) pola Deputación Provincial da Coruña (núm. 7.745).

- De D. Xosé Henrique Tello León, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación do actual delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na provincia de Lugo (núm. 7.747).

En cumprimento do disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 1995.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Pregunta oral en Pleno formulada por D. Xesús Vega Buxán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os motivos do cambio de postura polo Goberno galego respecto do traspaso do 15% do IRPF ás comunidades autónomas (núm. 7.635).

Á Mesa do Parlamento

Xesús Vega Buxán, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A abstención do Goberno da Xunta na votación rexistrada no Consello de Política Fiscal e Financeira respecto da prórroga da cesión do 15% do IRPF supón, na práctica, o apoio a unha modalidade de financiamento autonómico que fora rexeitada doce meses antes.

Esta escandalosa incoherencia do Goberno presidido polo Sr. Fraga demostra unha evidente falta de autonomía política respecto das decisións tomadas polo equipo do Sr. Aznar. E mentres o ano pasado os dirixentes da rúa Génova pretendían -a través da negativa ó traspaso do 15%- torpedear os acordos entre o PSOE e CIU, agora buscan un “look” máis atractivo cara ó electorado catalán permitindo a prórroga dunha cesión que daquela consideraban impresentable.

Esta falta de autonomía política do Goberno da Xunta respecto do Sr. Aznar imposibilita dispoñer dunha orientación política solvente á hora de promover unha real autonomía financeira do noso país.

Este lamentable episodio esixe, sen dúbida, unha explicación no foro parlamentario. É por iso que presentámola seguinte pregunta:

¿Que motivos ou factores de carácter económico fundamentan o cambio de postura da Xunta de Galicia respecto do traspaso do 15% do IRPF ás comunidades autónomas?

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 1995.

Asdo.: Xesús Vega Buxán
Deputado do G.P. do BNG

Pregunta oral en Pleno formulada por D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as directrices da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para responder ás preguntas e solicitudes de documentación (núm. 7.639).

Á Mesa do Parlamento

Alfredo Suárez Canal, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno, sobre directrices da Consellería de Agricultura para responder ás preguntas e solicitudes de documentación.

Na actitude de ocultar información por parte da Xunta de Galicia distínguese de xeito moi especial a Consellería de Agricultura. Non sabemos se obedece a unha decisión que busca facer máis escuro ós ollos da oposición a actividade da Consellería ou simplemente se trata do desprezo cara á función de control que debería cumprilo Parlamento. Non é que o resto das consellerías cumpran con rigor os labores de información, pero o da Consellería de Agricultura xa raia no escándalo.

E cando falamos de ocultar información non nos estamos referindo a grandes *dossiers* senón á información sinxela que consta nos ordenadores da Xunta e que se nega ou se manipula interesadamente para ocultar datos. De todos xeitos a maneira de contestar a Consellería de Agricultura ten un fío conductor, que se resume en:

* Inconcreción interesada para que non haxa coñecemento do reparto do diñeiro e das subvencións.

* Ocultación da práctica de obras realizadas pola Consellería.

* Ocultación dos datos referidos ás subvencións concedidas a empresas.

Así, por exemplo, acádase a :

* Violar reiteradamente o Regulamento ó non contestar as preguntas en tempo e forma.

* Preguntas que outras consellerías contestan aínda con defectos, a Consellería de Agricultura non o

fai: aínda estamos esperando as asistencias técnicas contratadas ou as subvencións concedidas a COREN que outras consellerías si contestan.

* Datos concretos que se piden sobre aplicacións de determinadas partidas presupostarias das que só se dan os datos globais, ¿que poderá ter que oculta-la Consellería para non querer responder concretamente ás obras que concretan unha partida presupostaria? Así ocorreu coas preguntas referidas ó desenvolvemento das partidas presupostarias 09026043 e 09026041.

* Subvencións de oficinas de Extensión Agraria que se contestan con datos globais e sen detallar, por exemplo a de Santa Comba.

* Solicitud de documentación ó abeiro do artigo 9 que non se contesta nin se argumenta a negativa a contestar.

* Manipulación dos datos para que non se saiba a concesión de determinadas subvencións contestando cos números de rexistro ou cos códigos do expediente, de tal xeito que a información non sirva absolutamente para nada. Así ocorre, entre outras, coas:

- Axudas ó medio natural.
- Subvencións ó sector da serra.

¿Como se pode exercer un labor de control cando non podemos saber cal é a política de subvención e a quen se favorece?

¿Cal é a concreción das partidas presupostarias?, ¿cal é o criterio da aplicación e que obras se realizan?

En definitiva, os deputados non temos posibilidade real de exercer un traballo que é fundamental no Parlamento: o control do Executivo. Pero ultimante o ocorrido coas contestacións ou omisións da Consellería de Agricultura acada extremos desproporcionados.

Porque preguntas concretas non son contestadas ou sono con vaguidades que non responden ás cuestións. Actitude que desvela unha práctica sistemática e deliberada de desprezo cara ó Parlamento que temos interese en aclarar de quen é responsabilidade.

Así, queremos formula-la seguinte pregunta:

¿Os criterios para responder ás preguntas dos deputados na Consellería de Agricultura son decisión do conselleiro?

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 1995.

Asdo.: Alfredo Suárez Canal
Deputado do G.P. do BNG

Pregunta oral en Pleno formulada por D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a ausencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia da actividade parlamentaria (núm. 7.641).

Á Mesa do Parlamento

Alfredo Suárez Canal, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta, con resposta oral en Pleno, relativa á ausencia do Sr. presidente da actividade parlamentaria.

Dende o comezo da IV lexislatura no Parlamento de Galicia, en decembro de 1993, as comparecencias do Sr. Fraga no Parlamento de Galicia son escasísimas e limitáanse ó debate da súa investidura e ó debate do estado da Autonomía en setembro de 1994. Debate que por certo se retrasou interesadamente ó segundo período de sesións para baleirallo de contido ó facelo coincidir cos presupostos e non realizalo ó comezo de cada ano para dar conta do exercicio anterior.

Nin os problemas importantes que afectan a sectores productivos: pesca, construción naval, agricultura, etc.

Nin as aparicións de datos sobre actuacións políticas que cuestionan a defensa que dos intereses do país fai a Xunta: importación de leite estranxeiro, viaxes a Sudamérica mentres se negocia o fletán, negociación con Marrocos, situación dos incendios...

Nin a presentación e concreción de alternativas económicas para o país.

Nin a resposta á situación en que se atopa seriamente comprometida a credibilidade e honorabilidade da Xunta e do seu presidente.

Nin a explicación de decisións políticas adoptadas persoalmente polo propio presidente cando llo reclamaba a oposición.

Nada destas cousas motivou que o Sr. Fraga se dignase a comparecer no Parlamento. Non sabemos se esta reiterada ausencia de participación obedece á escasa importancia que lles concede o presidente ó labor e á función do Parlamento, ou é un problema de medo a responder a determinadas cuestións, ou simplemente é que non quere comparecer porque non ten nada que dicir. Aínda que pensamos que isto último non debe se-la razón, porque nos medios de comunicación escrita, na prensa, na radio e na televisión a súa presenza é abafante.

Do que non se atreve a falar no Parlamento, fala ata a saciedade nos medios de comunicación. Ben é certo que nas intervencións nos medios de comunicación consegue evita-lo debate das súas posicións, alternativas ou respostas a feitos coa oposición.

Pero cando un presidente só comparece ante os medios de comunicación e evade reiteradamente a presenza no Parlamento que o investiu é que algo esta a fallar ou é que se ten medo ó debate coa oposición.

Resulta curioso e ó mesmo tempo indicativo da actitude do Sr. Fraga que cando noutros parlamentos do Estado os presidentes respectivos interveñen frecuentemente, e mesmo se está conseguindo que introduzan a resposta en sesións de control a preguntas da oposición, o presidente da Xunta limite tanto a súa presenza no Parlamento de Galicia. O seu grupo político, onde está na oposición, é o primeiro en reclamá-la presenza do Executivo por medio do seu presidente para debater e responder a preguntas. Aquí practícase todo o contrario, o que nos leva a formular a seguinte pregunta:

¿Cal é razón da reiterada falta de intervención do presidente da Xunta no Parlamento de Galicia?

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 1995.

Asdo.: Alfredo Suárez Canal
Deputado do G.P. do BNG

Pregunta oral en Pleno formulada por D. Santos Oujo Bello, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o estado no que se encontran as xestións e accións do Goberno galego para a constitución da "Fundación Valle-Inclán", de interese galego (núm. 7.661).

Á Mesa do Parlamento

Santos Oujo Bello, deputado pertencente ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno dirixida ó conselleiro de Cultura.

Co obxecto de poder ter unha información detallada sobre a situación na que se encontra actualmente a constitución da "Fundación Valle-Inclán", considerada de "interese galego", e que foi aprobada por unanimidade do Pleno do Parlamento de Galicia, o deputado que subscribe formúlalle a seguinte pregunta ó conselleiro de Cultura, para a súa resposta ante o Pleno da Cámara:

¿Cal é o estado no que se encontran actualmente as xestións e accións realizadas -e que se están a realizar- polo Goberno galego para a constitución da "Fundación Valle-Inclán", de interese galego?

Parlamento de Galicia, 27 de setembro de 1995.

Asdo.: Santos Oujo Bello
Deputado

Pregunta oral en Pleno formulada por D. José Antonio Ventoso Mariño e D. Ismael Rego González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns do aprazamento pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do inicio das obras de construción da Escola de Enxeñeiros de Montes (núm. 7.662).

Á Mesa do Parlamento

José Antonio Ventoso Mariño e Ismael Rego González, deputados pertencentes ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Nos presupostos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para 1995 prevíase unha partida para a construción da Escola de Enxeñeiros de Montes de Lugo.

O proceso de expropiación dos terreos da dita facultade, que o xestiona a Deputación Provincial de Lugo, demorouse por causas alleas á Consellería de Educación e só atribuídas á ineficacia da Deputación para poñer á disposición da Consellería os terreos en tempo e forma.

Con data 17 de marzo a Consellería procedeu a unha transferencia de crédito de 105.000.000 de ptas. dedicados ó pagamento do prezo xusto da expropiación forzosa dos terreos en Santiago.

Quere isto dicir que a Consellería apraza o inicio da construción da Escola de Enxeñeiros de Montes de Lugo, non se sabe para cando, e inviste no campus de Santiago cartos do campus de Lugo.

Esta decisión é gravísima para o mantemento e a potenciación do campus de Lugo e apraza ou aparca o inicio das obras dunha escola emblemática non só para Lugo, senón para Galicia enteira.

A ineficacia, o peloteo interinstitucional e a incapacidade da Xunta e da Deputación Provincial tradúcese nunha perda obxectiva para os alumnos e veciños de Lugo.

Por todo isto, presentámo-la seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

¿Cales son as razóns polas que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria apraza o inicio das obras da Escola de Enxeñeiros de Montes, poñendo en dúbida o futuro da súa construción?

Parlamento de Galicia, 4 de outubro de 1995.

Asdo.: José Antonio Ventoso Mariño

Ismael Rego González

Deputados

Pregunta oral en Pleno formulada por D. Xosé Henrique Tello León, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os motivos da Consellería de Educación e Ordenación

Universitaria para que non fose presentada publicamente a rede de centros educativos do ensino non universitario (núm. 7.690).

Á Mesa do Parlamento

Xosé Henrique Tello León, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O desenvolvemento da LOXSE e a implantación da reforma educativa en Galicia esixían a elaboración da rede de centros de ensino non universitario, co fin de organizar axeitadamente este proceso.

De sobra é coñecido e sentido pola comunidade escolar galega que esta cuestión é fundamental para a planificación pedagóxica e funcional do sistema educativo. Por este motivo resulta especialmente grave que esta Comunidade e o propio Parlamento de Galicia descoñezan a rede de centros, cando falta menos de un ano para que se implante con carácter xeneralizado a reforma educativa no ensino secundario.

É por este motivo polo que formulámo-la seguinte pregunta:

¿Por que motivo ata o día de hoxe non foi publicamente presentada a rede de centros educativos do ensino non universitario?

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 1995.

Asdo.: Xosé Henrique Tello León

Deputado do G.P. do BNG

Pregunta oral en Pleno formulada por D. José Giráldez Maneiro, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da ausencia institucional da Xunta de Galicia na Festa do marisco do Grove (núm. 7.712).

Á Mesa do Parlamento

José Giráldez Maneiro, deputado pertencente ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Na nosa Galicia proliferan, cada vez máis, centos de festas gastronómicas para “gloria” cultural do pa-

dal de moitos milleiros de cidadáns, indíxenas ou foráneos, e merecida exaltación dos nosos produtos de alta calidade, tanto da terra coma do mar.

A exaltación, tan xustificada, percorre o “arco da vella” dos nosos eximios sabores e cores, dende o opulentísimo e supérstite percebe ata a proletaria e saporosísima pataca, sen que nos esquezamos do chourizo, a faba, os callos, o mexillón, o carneiro ó espeto, a langosta, o porquiño, a lamprea, a sardiña, o cocido, o polbo, o albariño, etc.

O Grove, como non podía ser menos, como principal vila turística e capital marisqueira de Galicia, dende hai trinta e dous anos, vén celebrando a Festa do marisco con grande e progresivo éxito. Todo un pobo posto a traballar para dar a coñecer, nas mellores condicións, as excelencias extraordinarias dos nosos mariscos e incomparables viños. Así, un ano tras outro, a praza do Corgo ponse “a rebentar” con milleiros e milleiros de galegos e “estranxeiros”, de Galicia e de España, que acadarán a fuxidiza felicidade degustando un produto de calidade única que insinúa a posibilidade de acadar outros estadios de romántica espiritualidade pola súa calidade afrodisíaca.

A consolidación da Festa do marisco do Grove, como panca inmemorable de promoción do turismo daquela vila e de Galicia, e dos nosos mariscos, non mereceu apoio institucional da Xunta de Galicia, por medio da presenza do seu presidente ou dalgún dos seus conselleiros.

¡Inaudito! pensan os esforzados “mecos”, “é un desprezo ó pobo do Grove”.

¿Sería posible pensar que a Xunta de Galicia fíxese o mesmo “desprezo” co gallo da Festa do albariño de Cambados?

Polo exposto, fórmase a seguinte pregunta:

¿Cales foron as razóns polas que se privou a Festa do marisco do Grove da presenza institucional da Xunta de Galicia?

Parlamento de Galicia, 9 de setembro de 1995.

Asdo.: José Giráldez Maneiro
Deputado

Pregunta oral en Pleno formulada por D. Francisco Rodríguez Sánchez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a entrevista do Sr. conselleiro de Industria e Comercio co Sr. ministro do mesmo ramo do Goberno español (núm. 7.723).

Á Mesa do Parlamento

Francisco Rodríguez Sánchez, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta oral en Pleno, relativa á entrevista do Sr. conselleiro de Industria co Sr. ministro do mesmo ramo do Goberno español.

O día 5 de outubro tiña lugar a continuamente adiada entrevista do Sr. conselleiro de Industria da Xunta de Galicia co Sr. ministro do mesmo ramo do Goberno español, curiosamente cando os sindicatos estatais tiñan xa un preacordo de aceptación do PEC. Sabemos, segundo a prensa, que o Sr. conselleiro “amosouse moi satisfeito co desenvolvemento da reunión”, porque “dúas das nosas grandes preocupacións relacionadas coa negociación do Plan estratéxico de competitividade -rexuvenecemento de cadro persoal e o mantemento das actividades de reparación de Astano- encontraron a receptividade do ministro”. Por outra banda, parece que o Sr. Couceiro pediu un plan para os estaleiros privados de Galicia.

Por todo isto, formulámo-la seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno pola Xunta de Galicia-Consellería de Industria:

¿Cal foi o contido, os resultados e a avaliación da entrevista que o Sr. conselleiro de Industria mantivo o día 5 de outubro en Madrid co Sr. ministro do mesmo ramo do Goberno español, especialmente no referente ó PEC na súa aplicación ós estaleiros galegos, Astano e Barreras?

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 1995.

Asdo.: Francisco Rodríguez Sánchez
Deputado do G.P. do BNG

Pregunta oral en Pleno formulada por D. Celestino Torres Rodríguez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes respecto da realización das obras contidas no proxecto de mellora da

capa de rodadura de camiños no municipio de Monforte de Lemos (núm. 7.740).

Á Mesa do Parlamento

Celestino Torres Rodríguez, deputado pertencente ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ó abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Con data 24 de maio de 1994 formuleille unha pregunta á Consellería de Agricultura sobre as previsións que había para a contratación do proxecto de mellora da capa de rodadura de camiños no municipio de Monforte de Lemos, redactado pola Xefatura Provincial do Servicio de Estructuras Agrarias de Lugo e remitido á Dirección Xeral o 9 de febreiro de 1993, que incluía os camiños de:

- Acceso a San Mamede.
- Acceso a Rañada - Acceso a Pacios.
- Camiño ó monte Pando.
- Camiño de Hortas á Torre.
- Camiño de Santa Mariña do Monte a Fontela.
- Camiño desde a estrada de Monforte-Rozabales a Sindrán.
- Camiño de Pena a Cabana Grande.
- Camiño de Rozas a Asenxos.
- Camiño de acceso a Colado.

Na sesión da Comisión de Agricultura que tivo lugar o día 1 de decembro de 1994 compareceu o Sr. conselleiro para responder á dita pregunta, quen manifestou que estaba prevista a súa contratación con cargo a dúas anualidades, concretamente a 1995 e 1996.

A primeira das referidas anualidades está rematando sen que a execución deste proxecto dese comezo, e incluso non se coñece trámite ningún en relación coa súa contratación.

Á vista do que antecede o deputado asinante fórmalle ó Sr. conselleiro de Agricultura a seguinte pregunta:

¿Cal é a previsión certa para a realización das obras contidas no referido proxecto?

Parlamento de Galicia, 11 de outubro de 1995.

Asdo.: Celestino Torres Rodríguez

Deputado

Pregunta oral en Pleno formulada por D. Xosé Henrique Tello León, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a atención do transporte escolar no colexio público do Graxal (Cambre) pola Deputación Provincial da Coruña (núm. 7.745).

Á Mesa do Parlamento

Xosé Henrique Tello León, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O grave problema suscitado pola supresión do transporte escolar no colexio do Graxal-O Temple o curso pasado produciuse pola intransixencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e deu lugar a que a Deputación Provincial da Coruña solucionase provisionalmente o tema mediante a dotación de transporte.

Dado que a Deputación da Coruña modificou recentemente a súa titularidade política, é por iso que formulámo-la seguinte pregunta:

¿Considera a Xunta de Galicia lóxico que a Deputación atenda o transporte escolar na actual situación do colexio público do Graxal (Cambre)?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 1995.

Asdo.: Xosé Henrique Tello León

Deputado do G.P. do BNG

Pregunta oral en Pleno formulada por D. Xosé Henrique Tello León, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación do actual delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na provincia de Lugo (núm. 7.747).

Á Mesa do Parlamento:

Xosé Henrique Tello León, deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ó abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Nos últimos cursos, a provincia de Lugo vén sendo especialmente conflictiva en materia educativa.

Carencias de profesorado, difícil modificación de centros que dependen de padroados, modificación de horarios, supresión de estudos nocturnos, transporte escolar, etc.

Estes graves problemas ven aínda máis agudizada a súa conflictividade pola persoa do actual delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pois a súa actitude non só non favorece a resolución dos conflitos, senón que aínda fomenta a crispación mediante actuacións impropias de quen ten a obriga de administrar e atende-las solicitudes dos administrados.

É por esta reiteración da conflictividade xerada polo actual delegado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria polo que formulámo-la seguinte pregunta:

¿Considera a Xunta de Galicia que o actual delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na provincia de Lugo representa axeitadamente os criterios administradores da Consellería?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 1995.

Asdo.: Xosé Henrique Tello León
Deputado do G.P. do BNG

7

COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

7.3.3 CONVOCATORIAS

Sesión plenaria (martes 24 de outubro de 1995, ás 16,30 horas).

Presidencia

Previo acordo da Mesa e mais da Xunta de Portavoces, na reunión celebrada o día da data, e ó abeiro do disposto no artigo 72.4 do Regulamento da

Cámara, inclúese no punto cuarto da orde do día do Pleno que se vai celebra-lo próximo día 24 de outubro a elección de un membro do Consello Asesor de RTVE en Galicia, artigo 8.1 e 2 da Lei 10/1983, do 9 de decembro, reguladora do Consello Asesor de RTVE en Galicia.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 1995.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

9

INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

9.1 INFORMACIÓNS

Modificación da Proposición non de lei en Comisión formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Francisco Rodríguez Sánchez e D^a María Pilar García Negro, sobre os criterios para o desenvolvemento do artigo 4 do Decreto 247/1995 (núm. 7.572. Comisión 4^a).

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, en reunión celebrada o día 17 de outubro de 1995, por petición dos seus autores (doc. núm. 7.683), aceptou a modificación da Proposición non de lei en Comisión formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Francisco Rodríguez Sánchez e D^a María Pilar García Negro, sobre os criterios para o desenvolvemento do artigo 4 do Decreto 247/1995 (núm. 7.572 publicada no BOPG núm. 329, do 7 de outubro de 1995), nos termos que, a seguir, se expresan:

Onde di:

“c) A Administración educativa, caso de que exista un número mínimo de cinco pais nun centro que requiran ensino en galego para os seus fillos, nestas etapas e ciclos educativos, cando o modelo é o do ensino en español como dominante, satisfará esta demanda no propio centro ou noutro do mesmo contorno.”

Debe dicir:

“c) A Administración educativa, no caso dos centros nos que o ensino destas etapas e ciclos sexa en

español, como lingua dominante, impulsará e amparará toda iniciativa da comunidade escolar, especialmente profesores e pais, destinada a contar con ensino en lingua galga que poida cubri-las demandas neste sentido.”

En cumprimento do disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 1995.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Retirada da Proposición non de lei en Comisión formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Francisco Rodríguez Sánchez, sobre o control de contaminación atmosférica en Galicia (núm. 6.662. Comisión 2º).

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, en reunión celebrada o día 17 de outubro de 1995, por petición do seu autor (doc. núm. 7.620), aceptou a retirada da Proposición non de lei en Comisión formulada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Francisco Rodríguez Sánchez, sobre o control de contaminación atmosférica en Galicia (núm. 6.662, publicada no BOPG núm. 303, do 25 de agosto de 1995).

En cumprimento do disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación do acordo adoptado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 1995.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Retirada da Pregunta escrita formulada por D. Francisco Rodríguez Sánchez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións de construción dun patio de recreo e unha pista polideportiva no colexio de EXB ‘Nicolás del Río’ de Cedeira por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (núm. 5.396).

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, en reunión celebrada o día 17 de outubro de 1995, por petición do seu autor (doc. núm. 7.620), aceptou a retirada da Pregunta escrita formulada por D. Francisco Rodríguez Sánchez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións de construción dun patio de recreo e unha pista polideportiva no colexio de EXB ‘Nicolás del Río’ de Cedeira por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (núm. 5.396, publicada no BOPG núm. 241, do 4 de abril de 1995).

En cumprimento do disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación do acordo adoptado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 1995.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

Retirada da Pregunta escrita formulada por D. Francisco Rodríguez Sánchez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o funcionamento da nova formación profesional en Galicia (núm. 5.927).

Presidencia

A Mesa do Parlamento de Galicia, en reunión celebrada o día 17 de outubro de 1995, por petición do seu autor (doc. núm. 7.620), aceptou a retirada da Pregunta escrita formulada por D. Francisco Rodríguez Sánchez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o funcionamento da nova formación profesional en Galicia (núm. 5.927, publicada no BOPG núm. 288, do 28 de xuño de 1995).

En cumprimento do disposto no artigo 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación do acordo adoptado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 1995.

O VICEPRESIDENTE 1º

José María García Leira

